VIVES EMPRENDE

Queres emprender? Apoiámoste para que fagas realidade o teu proxecto de negocio !

Acción contra el Hambre, en colaboración co Concello de Vedra, no marco do proxecto "VIVES EMPRENDE " levará a cabo no mes de maio os seguintes talleres gratuítos:

Martes, 3 de maio

"Quen é a mellor clientela para o teu negocio?"

A capacidade de relación e a orientación á clientela como competencias clave para coñecer e responder ás necesidades dos nosos clientes.

Martes, 10 de maio

"A túa proposta de valor"

Que problema lle resolvemos ao noso cliente?, Por que te vai elixir a ti e non á competencia?, son algunhas das preguntas que intentaremos resolver nesta sesión.

Mércores, 18 de maio

"Da idea ao plan: estudos de mercado"

A túa idea ten mercado?. Neste taller presentaremos algunhas ferramentas para identificar e cuantificar aos nosos clientes e á nosa competencia.

Martes, 24 de maio

"Non te poñas límites, chega coa túa idea onde te propoñas"

Adaptarse ao entorno e á clientela son claves para o avance do noso negocio. A flexibilidade e a tolerancia á frustración son competencias básicas que traballaremos nesta sesión.

Martes, 31 de maio

"Converte a túa idea nun negocio: CANVAS"

Neste taller traballaremos o modelo CANVAS, as claves do noso negocio (estrutura de costes e ingresos, clientes, recursos, socios...) plasmadas nunha única folla.

Os talleres son **gratuítos e celebraranse na Biblioteca Municipal de Vedra de 9:30 a 13:00 horas. Ademais, se precisas asesoramento para poñer en marcha ou consolidar o teu negocio contamos cun servizo de asesoramento individualizado tamén gratuíto.**

Información e inscricións: **Susana Quintas**
Tlf.: 630.639.649/ e-mail: squintas@accioncontraelhambre.org

Programa cofinanciado polo Fondo Social Europeo dentro do marco do POISES 2014- 2020

Coa colaboración de: Concello de Vedra